



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE MARZO 2007**



## 1.- Resumo

### **Mes variable, con tempo primaveral na segunda semana e moi invernal nos derradeiros días.**

O mes de marzo estivo caracterizado pola variabilidade. A primeira semana foi unha continuidade do tempo que caracterizou ó mes de febreiro, é dicir, circulación do sudoeste, e polo tanto tempo húmido e con temperaturas suaves. Durante os días 8 e 9 as altas presións entraron dende os Azores, o que deixou dúas xornadas de transición, con ventos do norte e tempo frío. Esta transición deu paso posteriormente a unha situación anticiclónica que deixou 9 días consecutivos de tempo moi estable, dende o día 10 ata o 18, ambos inclusive. Estas xornadas estiveron caracterizadas polos ceos despexados e unha forte oscilación térmica, con frío e xeadas durante a madrugada, pero temperaturas altas durante o día, superándose en moitos lugares os 20°C nas primeiras horas da tarde. Esta situación anticiclónica rematou bruscamente durante a madrugada do día 19 coa chegada dunha masa de aire ártico marítimo que deixou unha importante caída nas temperaturas diúrnas, chuvias concentradas na metade norte do país e a cota de neve por debaixo dos 1000 metros de altura. Esta situación se prolongou ata o día 23. Durante a derradeira semana a situación foi inestable, continuando os ventos de compoñente norte, e polo tanto as chuvias intermitentes e a cota de neve nos 1000 metros de altura.

**Precipitación:** O mes de Marzo pódese caracterizar como normal en canto ás chuvias debido principalmente a que nos primeiros días tivemos varias situacións de sudoeste e a partir do día 19 os ventos de norte deixaron tamén chuvias, aínda que máis concentradas na metade norte e nas zonas de montaña. Desta forma a zona das Rías Baixas e a única na que a cantidade de chuva queda por debaixo da normal, mentres que no norte de A Coruña os valores estarían por riba dos agardados neste mes.

**Temperaturas:** En canto ás temperaturas, o esquema é similar ó caso das chuvias. As temperaturas estiveron en xeral por debaixo da media agardada para este mes debido á persistencia dos ventos de compoñente norte na segunda quincena, agás nas Rías Baixas onde esta influencia non foi tan decisiva e as temperaturas medias son as normais deste mes.

## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

### CIS FERROL

	MARZO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	11.9	12	15 (1997)	9.7 (1984)
T <sup>a</sup> mínima media	9.2	8.8	10.8 (2001)	6.6 (1984)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	5.3 (día 10)	0.6 (1/3/1993)		
T <sup>a</sup> máxima media	15.2	15.2	19.4 (1997)	12.6 (1975)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	23.4 (día 10)	26.6 (23/3/2002)		
Precipitación acumulada	175	56-85	262 (2001)	0 (1997)

#### *Comentario:*

*Temperaturas en xeral moi semellantes aos valores medios agardados*  
*A chuvia acumulada foi moi superior ao agardado; o mes pode considerarse moi húmido*

## SANTIAGO

	MARZO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	10.3	11.2	13.1 (1998)	8.4 (1984)
T <sup>a</sup> mínima media	6.8	6.5	9.0 (2001)	3.5 (1984)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	3.1 (día 26)	-1.5 (7 y 17/3/84)		
T <sup>a</sup> máxima media	14.9	15.9	19.1 (1998)	13.1 (1985)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	23.3 (día 11)	28.6 (23 y 24/3/02)		
Precipitación acumulada	130	83-147	618 (2001)	0 (1997)

### Comentario:

*Temperaturas medias e máximas inferiores aos valores medios (un grao aproximadamente); as mínimas fóron sen embargo mesmo algo superiores ao agardado*  
*A chuvia acumulada entra dentro do rango normal de valores para o mes de marzo*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

## LUGO

	MARZO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T <sup>a</sup> media	8.1	9.3	13.1 (1997)	6.1 (1984)
T <sup>a</sup> mínima media	3.4	4.2	8.2 (1994)	1.1 (1973)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	-1.3 (día 25)	-7.6 (2/3/2004)		
T <sup>a</sup> máxima media	13.7	14.5	21.9 (1997)	10.5 (1984)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	23.2 (día 11)	27 (9/3/00; 23/3/02)		
Precipitación acumulada	77	62-76	276 (2001)	0.2 (1997)

### Comentario:

*Temperaturas en xeral inferiores aos valores medios, especialmente no caso das media, 1.2 °C por debaixo do agardado*  
*A chuvia acumulada entra dentro do rango normal de valores agardado*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.9	11.7	14.5 (1997)	9.3 (1975)
Tª mínima media	7.3	6.3	4.3 (1984)	9.3 (2001)
Tª mínima absoluta	3.4 (día 20)	-1.6 (1/3/1993)		
Tª máxima media	17.4	17.1	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	23.6 (día 10)	28 (23/3/2002)		
Precipitación acumulada	76	95-164	571 (2001)	0 (1997)

Comentario:

*As temperaturas medias e máximas estiveron moi preto dos valores medios, mentras que o promedio das mínimas foi 1 °C superior ao valor agardado  
 A chuva acumulada non chega aos niveis que se consideran normais, polo que este mes pode considerarse “seco”*

### OURENSE

	MARZO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.0	11.5	14.8 (1997)	8.5 (1975)
Tª mínima media	5.8	4.9	9.3 (2001)	0.6 (1973)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 20)	-4.0 (09/03/1973)		
Tª máxima media	16.9	18.2	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	25.0 (día 11)	30.6 (23/03/2002)		
Precipitación acumulada	52	43-65	298 (2001)	0 (1997)

Comentario:


*As temperaturas máximas fóron bastante máis baixas do agardado (1.3 ° C) pero as medias e especialmente as mínimas fóron superiores aos valores agardados  
 A chuva acumulada entra dentro do rango normal de valores do mes de marzo*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie.  
Mes de marzo 2007






### 3.2.- Anomalías de geopotencial a 500 hPa

#### Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Mes de marzo 2007





### 3.3.- Temperatura media das máximas




www.meteogalicia.es





### 3.4.- Temperatura media das mínimas



www.meteogalicia.es



### 3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)

